

# III CARREIRA POPULAR DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL (NOVO PERCORRIDO)

## Carreira puntuable do Circuito Ribeira Sacra de Carreiras Populares 2014



*Concello de Ribas do Sil*  
*San Clodio*  
*(Lugo)*

**Data:** DOMINGO, 23 de marzo de 2014

**Hora:** 12:00 h ABSOLUTA

11:00 h categorías de pitufo a cadete

**Lugar:** Ribas de Sil, Lugo

**Distancia:** de 100 a 6.900 m.

### **Prazo de Inscripción:**

Non se aceptarán as inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sen tódolos datos obrigatorios.

ADULTOS participantes na PROBA ABSOLUTA: **ata o MÉRCORES 19 DE MARZO**, ás 20:00 h na web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) (única forma de inscrición).

No caso de que non sexas usuario, debes darte de alta no apartado “REXISTRATE” e seguir as instrucións para formalizar as inscricións que desexes en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).

No resto de probas e categorías que van desde pitufo ata cadete, poderán inscribirse chamando o teléfono: 982428237.

Tamén se poderán apuntar o mesmo día da carreira ata media hora antes da proba.

## **REGULAMENTO DA PROBA**

Art. 1 - Poderán participar na proba todas aqueles que o desexen.

Art. 2 - Non estará permitido o **acompañamento** dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

Art. 3 – O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.

Art. 4 - Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe subministrado pola organización excepto para os propietarios de chip amarelo que poden utilizalo seu.

Art. 5 - Todos os participantes, polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome coma da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e en internet.

Art. 6 - Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán **reclamacións**. A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

Art. 7 - A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

Art. 8 - A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Art. 9 – **A data límite** de inscrición será o día ata o MÉRCORES 19 DE MARZO, ás 20:00 h na web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) (única forma de inscrición).

No caso de que non sexas usuario, debes darte de alta no apartado “REXISTRATE” e seguir as instrucións para formalizar as inscricións que desexes en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).

No resto de probas e categorías que van desde pitufo ata cadete, poderán inscribirse chamando o teléfono: 982428237.

Tamén se poderán apuntar o mesmo día da carreira ata media hora antes da proba.

- Non se inscribirá a ningún participante despois das 10:30 h.
- Non se admitirá ningunha inscrición na que falten datos.

## CARREIRAS DOS MENORES

Disputáranse a partir das **11:00 h** da mañá no entorno da Praia Fluvial de San Clodio (Ribas de Sil). As categorías, as distancias e os horarios de cada un deles son os seguintes:

<b>Categorías</b>	<b>Distancia</b>	<b>Horario</b>
Categoría Pitufu: 2009 e posteriores	100 metros	11:00
Categoría Prebenxamín: 2008/2007	700 metros	11:05
Categoría Benxamín: 2006/2005	700 metros	11:10
Categoría Alevín: 2004/2003	1.200 metros	11:15
Categoría Infantil: 2002/2001	1.200 metros	11:25
Categoría Cadete: 2000/1999	1.800 metros	11:35

## CATEGORÍA ABSOLUTA

Disputárase a partir das **12:00 h** da mañá no entorno da Praia Fluvial de San Clodio sobre un circuíto de 6.900 m.

As categoría, tanto no apartado masculino como feminino son as seguintes:

1ª Categoría: nados nos anos 1998, 1997, 1996 e 1995

2ª Categoría: nados entre os anos 1994 e 1985

3ª Categoría: nados entre os anos 1984 e 1975

4ª Categoría: nados entre os anos 1974 e 1965

5ª Categoría: nados entre os anos 1964 e 1955

6ª Categoría: nados no ano 1954 e anteriores

## **PREMIOS**

**Categorías de Menores:** Os tres primeiros de cada categoría levarán un trofeo conmemorativo da carreira (agás pitufo). Asimesmo, a todos os atletas das categorías de menores se lles entregará una medalla conmemorativa do evento.

**Carreira Absoluta:** Trofeos os tres primeiros clasificados de cada categoría. Os tres primeiros absolutos (tanto masculino como feminino) levarán un trofeo de artesanía con motivos da zona.

A todos los participantes se lles entregará un chaleco reflectante.

## **RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS**

Os dorsais e chips de cronometraxe entregáranse o día da proba na carpa da organización sita na Praia Fluvial de San Clodio en horario de 9:00 a 11:00 h.

## **PERCORRIDO:**

A carreira iníciase na Praia fluvial. Pasamos por debaixo da Ponte Nova seguindo polo paseo fluvial ata chegar “os Lameiriños”.

En dito lugar, continuamos pola esquerda, cruzamos a estrada provincial e chegamos ó túnel que atravesa a vía do tren (á dereita). Seguimos o camiño ata chegar a unha aldea chamada “A Cova”.

En “A Cova” collemos o camiño da dereita, dirección Pousanova. Ó chegar a A Aceña, seguimos polo camiño da dereita ata chegar o primeiro paso a nivel. Seguimos a camiño a carón da vía do tren ata encontrar o segundo paso a nivel.

A uns 60 metros deste paso a nivel (que no hai que cruzar), collemos un camiño de terra á esquerda. A nosa dereita vamos contemplando unha das viñas máis importantes da zona (Adegas Val de Quiroga) e tamén deixamos atrás o fermoso Pazo do Batanero. Xiramos á dereita baixando pola rúa da costa ata chegar á vía provincial. Antes de cruzar o paso a nivel, collemos o camiño da esquerda (rúa da Deputación) ata chegar o barrio de “San Román”.

Aquí xiramos á dereita pasando por debaixo dun túnel e xiramos á esquerda pola “Rúa o Barco” ata chegar ó río onde pasamos unha pasarela de madeira que nos leva polo paseo fluvial ata chegar á meta.

O percorrido ten unha lonxitude de 6.900 m.

### **ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE CHAMPIONCHIP.**

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba (23 de marzo) na carpa da organización sita na Praia Fluvial de San Clodio de 9:00 a 11:00.

**CONTROL CON CHIP:** a proba de adultos estará controlada a través dun CHIP que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal (agás propietarios de chip amarelo) e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba.

**TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O FINALIZAR A SÚA PROBA** (agás propietarios de chip amarelo). **AQUELES CORREDORES QUE NON ENTREGUEN O CHIP, NON ENTRARÁN NAS CLASIFICACIÓNS NIN RECIBIRÁN NINGÚN TIPO DE OBSEQUIO.**

### **INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA**

- Aparcadoiros: os atletas disporán dunha zona de estacionamento na praza do concello e inmediacións.

- Duchas: unha vez rematada a proba estarán a disposición dos atletas as duchas nas instalacións polideportivas.

### **INFORMACIÓN E RESULTADOS:**

Os resultados da carreira popular estarán dispoñibles na páxina web oficial da proba, [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) e na páxina web do Concello de Ribas do Sil, [www.concelloribasdesil.es](http://www.concelloribasdesil.es)